

CONSULTA PÚBLICA EN RELACIÓN COAS ACCIÓNS E MEDIDAS A INCLUIR NA AXENDA ENERXÉTICA DE GALICIA 2030

Galicia diríxese cara á neutralidade climática para o ano 2050, apostando pola descarbonización mediante a electrificación da economía, o fomento dos biocombustibles e gases renovables, incluíndo o vector do hidróxeno verde, o impulso das enerxías renovables, a eficiencia enerxética, a acumulación de enerxía, a maior implicación dos consumidores, a economía circular e a innovación tecnolóxica.

Conscientes de que a transición enerxética supón un reto e unha oportunidade para toda a industria e a cidadanía galega, o obxectivo é establecer unha folla de ruta para a consecución dos obxectivos intermedios en 2030 que permitan acadar a neutralidade climática en 2050, con novas oportunidades non só para o sector enerxético galego, senón para o resto de sectores estratéxicos en Galicia.

A Axenda Enerxética de Galicia 2030 englobase no marco do Plan Estratéxico de Galicia 2021-2030 (PEG), cuxo obxectivo é o de deseñar as liñas estratéxicas de actuación que convertan a Galicia nunha rexión máis verde, máis dixital, máis resiliente e mellor adaptada aos retos actuais e futuros, que converxa en riqueza coa media española e europea, a partires dun modelo de crecemento sostible e inclusivo baseado no aumento da produtividade a través da innovación, a internacionalización, o apoio ás transicións ecolóxica e dixital, o fomento da calidade do emprego e do produto, e o aumento do benestar dos galegos, en especial o dos máis desfavorecidos, para seguir a artellar unha sociedade ben formada, libre e cohesionada. En concreto, a Axenda Enerxética de Galicia 2030, englobase no *Eixe 2. Medio ambiente e adaptación ao cambio climático* do PEG e nas seguintes prioridades de actuación:

- 2.1. Fomento dunha economía baixa en carbono baseada en fontes de enerxía máis limpas e menos agresivas co medio ambiente, dando prioridade ás fontes de enerxía renovables. Potenciar a eficiencia enerxética en todos os sectores: público, industrial e doméstico.
- 2.2. Garantir unha mobilidade sustentable.

A riqueza de recursos, as características propias e as tendencias e desafíos do sector enerxético poñen de manifesto unha serie de oportunidades e retos para impulsar a Galicia como rexión libre de emisións, líder na transición enerxética:



- Acadar a neutralidade climática no 2050.
- Reducir a dependencia enerxética do exterior.
- Reducir o consumo de enerxía primaria, mellorando a eficiencia da economía.
- Incrementar a participación das fontes de enerxía renovables.
- Impulsar o desenvolvemento de proxectos para que novas fontes de enerxía, como o hidróxeno verde, acaden protagonismo na transición enerxética.
- Dotar a Galicia de sistemas de acumulación de enerxía.
- Sentar as bases para unha transición enerxética xusta en Galicia.
- Apostar pola economía circular como unha das bases da transición enerxética.

É por isto que, co obxectivo de identificar todos os eidos de actuación de interese que debe contemplar a Axenda Enerxética de Galicia 2030, se traslada a presente consulta pública para que, dende os ámbitos sociais, empresariais e da cidadanía se poidan achegar as súas propostas e contribucións en relación coas accións e medidas a levar a cabo nos seguintes eixos:

- i. Desenvolvemento de enerxías renovables.
- ii. Economía circular.
- iii. Mobilidade sustentable.
- iv. Descarbonización dos sectores económicos.
- v. Desenvolvemento tecnolóxico e innovación.
- vi. Transición xusta e reindustrialización.
- vii. Fondos Next Generation Galicia.